

## O NACEMENTO DO LUGO LIBERAL: DESAMORTIZACIÓN E CAMBIOS URBANOS

Por: Prado Gómez, Antonio

### RESUMO

*O paso da propiedade inmobiliaria a mans particulares como consecuencia dos procesos desamortizadores do século XIX e o seu nomeamento como capital de provincia en 1833, contribuirán a alterar, moi considerablemente, a estructura urbana da cidade de Lugo, posibilitando o asentamento nela dunha clase media acomodada, de funcionarios e comerciantes, que favorecerá o desenvolvimento do sector terciario e propiciará un cambio xeral no aspecto da antiga urbe romana e medieval.*

### RESUMEN

*El paso de la propiedad inmobiliaria a manos particulares como consecuencia de los procesos desamortizadores del siglo XIX y su nombramiento como capital de provincia en 1833, contribuirán a alterar, muy considerablemente, la estructura urbana de la ciudad de Lugo, posibilitando el asentamiento en ella de una clase media acomodada, de funcionarios y comerciantes, que favorecerá el desarrollo del sector terciario y propiciará un cambio general en el aspecto de la antigua urbe romana y medieval.*

As desamortizacións, o proceso de transformacións na propiedade da terra co que se abre o segundo tercio do século XIX, produciron unha serie importante de cambios no ámbito galego, e non só no medio rural senón tamén no urbano, medio no que a Igrexa, principal prexudicada no proceso, dispoñía de considerables propiedades. Así, a eliminación radical de todos ou case que todos os antigos edificios eclesiásticos regulares, e a súa transformación en edificios de utilidade civil ou simplemente en espacios libres, vai facer cambiar considerablemente o panorama das cidades españolas, nun proceso no que Lugo non é unha excepción<sup>(1)</sup>.

---

<sup>(1)</sup>Segundo José Luis Oyón, os edificios eclesiásticos representaban o 40% da superficie da cidade de Cuenca, o 50% na de León, e ata un 62 % na de Palencia, por poñer algúns exemplos. Vid. Artigo sobre *Crecimiento de las ciudades* (1840-1936), no volume colectivo *La sociedad urbana*, pp. 16-17.

No momento en que principia o segundo tercio do século XIX, tanto a capital da recen constituída provincia coma as principais vilas do seu distrito aparecen marcadas pola importancia dos edificios eclesiásticos. Os máis afectados polas leis desamortizadoras promulgadas nos anos 1835 e 1836 serán os mosteiros e conventos que aparecen distribuídos por toda a xeografía provincial. Nalgúns dos casos, como nos de Samos, Meira ou Lourenzá, os edificios relixiosos nucleaban toda a estructura urbana da localidade onde se instalaron, e a súa expropiación determinará a evolución posterior da vila á que lle dan nome. De feito, no século XVIII, nun momento de progreso monacal, estes mosteiros funcionaron como centros urbanos nun medio social profundamente ruralizado<sup>(2)</sup>.

Intentaremos neste traballo un achegamento ó proceso mediante o que a cidade lucense, na década 1835-45, transforma considerablemente o seu panorama urbanístico e perde, en boa medida, a súa apariencia de cidade eclesial e medieval<sup>(3)</sup>. Tal transformación debe entenderse en función de dúas circunstancias coas que se abre o segundo tercio do século XIX: a consolidación das novas provincias en novembro de 1833 e a desamortización dos bens eclesiásticos a partir das leis de 1835 e 1836. Ambos procesos, que se explican pola instalación dun modelo de estado liberal no país, condicionan unha nova xerarquía entre as localidades lucenses na que se prima considerablemente ó papel da capital e, por outra banda, permitirán disponer duns recursos patrimoniais e territoriais que as novas autoridades aproveitaran para deseñar transformacións urbanísticas ou para asentar novas dependencias coas que atender os equipamentos públicos agora multiplicados.

### Os elementos condicionantes.

Xa o historiador Jaume Vicens Vives nunha obra clásica<sup>(4)</sup>, albiscou a importancia da transformación do panorama urbano que se producía na España decimonónica nos momentos en que se asentaba o Estado liberal, dentro dun proceso de cambio xeral que afectou a outras moitas estruturas. No caso do urbanismo, o aumento demográfico experimentado nestes anos foi, sen dúbida, un importante acicate para as transformacións producidas. Este incremento de poboación non se debe soamente á evolución positiva do crecemento natural, senón tamén ó desenvolvemento dun proceso de migración campo-cidade que se constata a partir deste momento, comezando a romper o tradicional carácter de comunidade rural que tivo sempre Galicia. Ese aumento natural aparece reflectido en varias

<sup>(2)</sup>P. O'Flanagan, *Xeografía histórica de Galicia*, p. 169.

<sup>(3)</sup>O proceso non afectou só a capital da provincia, senón tamén a outras cidades e vilas da mesma, como Viveiro ou Monforte, por exemplo. Algún outro caso debeu ser especialmente representativo, como o da vila de Samos, pobo no que a súa actividade dependía do mosteiro benedictino do seu nome, que tra-lo seu alleamiento coartará as posibilidades de desenvolvemento e relación da vila.

<sup>(4)</sup>J. Vicens Vives, *Historia social y económica de España y América*, tomo V, pp. 47 e ss.

fontes como, por exemplo, no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Pascual Madoz<sup>(5)</sup>, cando se comenta que no territorio lucense habitaban, segundo o censo de Aranda de 1797, 260.062 habitantes, que ascenderan en 1821 a 338.808, e a 357.272 en 1833, no momento en que se realizaba a nova división provincial.

Se nos centramos na cidade de Lugo, ó redor do 1800 a súa poboación podería calcularse en 5.000 habitantes, superando para algúns autores, a mediados de século, os oito mil<sup>(6)</sup>. Máis próximas á realidade poden ser as cifras aportadas no extracto de poboación realizado polo Concello lucense en 1846, que facía ascender a 5.675 os habitantes da cidade, ou as de Salvador Castro Freire—pouco fiable noutras ocasións— que a mediados de século atribuía unha cifra de 6.245 habitantes<sup>(7)</sup>. No caso do municipio referíase só ó casco urbano, polo que se lle engadimos o continxente da bisbarra lucense, poderían alcanzarse os 7.000 habitantes.

Non parece que a guerra carlista do 1832 ó 1839, nin a que se produce nos últimos anos da década seguinte, afectaran sensiblemente a esta poboación. Neste sentido, seguramente foron más importantes as fames e epidemias periódicas, e particularmente o andazo colérico de 1834-35 e as crises repetidas do ano 1853<sup>(8)</sup>.

En calquera caso, parece evidente que a poboación da cidade de Lugo medra considerablemente nos anos centrais do século, proceso no que influiu, sen dúbida, o recoñecemento da súa condición de capital da provincia polo RD. de 30 de novembro de 1833, a través do que se aseguraba a instalación na cidade dunha considerable rede de servicios e oficinas públicas. A presión humana que tal circunstancia trouxo consigo acelerou os cambios urbanísticos, que pedían novos edificios públicos para atender a unha tamén nova administración, e mesmo para a implantación de dependencias que cubrisen as antigas competencias eclesiásticas en materia de educación, sanidade ou beneficencia.

Pero os presupostos citados non explican de seu as variacións de aspecto sufridas na cidade. Hai que contar tamén co considerable desenvolvemento técnico do século, que permitirá enfrentar proxectos constructivos e urbanísticos cada vez más ambiciosos, e que procuraría o abandono das estructuras urbanas feudalizantes en favor do deseño de vías rectas e zonas axardinadas no interior do recinto urbano.

<sup>5</sup>Pascual Madoz, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico*,... tomo X, pp. 426 e ss..

<sup>6</sup>Vid. Vicens Vives, *op. cit.* p. 48. da, para 1857, a cifra de 8.246 habitantes.

<sup>7</sup>S. Castro Freire, *Lugo y sus hombres*, p.86. Ib. AHPL, Serie Padróns e censos, cartafol 145.

<sup>8</sup>Segundo o mesmo Castro Freire, vid. *op. cit.* p. 69, como consecuencia da plaga de cólera morbo finaron centenares de lucenses, o que fixo necesario habilitar un novo cemiterio, o do Hospicio, que substituíse ós insuficientes de San Marcos e das Ánimas.


O problema do cerco amurallado planeouse desde o primeiro momento en moitas cidades españolas, reconéctendoo que o crecemento urbano non sería posible sen o drástico derrubamento dos seus muros. Pero este problema non existía na antiga cidade romana de Lugo, que contaba cun recinto murado de dimensións moi más amplas que as que requiría a acollida da súa modesta poboación; por iso os problemas solventáronse rapidamente, sen que o baluarte fose quen para evitar no futuro máis inmediato a expansión da cidade. Lugo foi, neste sentido, unha excepción con respecto á maioría dos núcleos urbanos españois. A cidade non erradicará as súas murallas, e só practicará nelas algunas modificacións más o menos importantes. Mesmo, a finais de século, cando aparecen novos medios de locomoción —como o ferrocarril—, ou se promova a expansión dalgúns dos barrios extra muros, os cambios limitaranse, praticamente, ó derrubo de certos cubos e á apertura dalgúns portas (a da Estación en 1876, a do bispo Izquierdo en 1887, e a do bispo Aguirre en 1894).

De calquera xeito, ata 1830, Lugo é unha vella cidade provinciana, pequena e pechada polas súas murallas romanas, que rodean case que completamente o núcleo urbano. Por tal debe entenderse un conglomerado de rúas estreitas e tortuosas nas que se intercalan algunas prazas, que pouco máis son que espacios libres que foron quedando entre as edificacións, como a das Cortiñas (futura Praza Maior), a de San Domingos, ou a do Campo, tal vez a única que ten nestes momentos un esquema urbanístico claro, ainda que non supere unhas reducidas dimensións. No vello plano de Menchaca e Castillo, deseñado a partir das descripcións do padre Risco e conservado no Museo provincial, recóllese este panorama urbano cunha referencia, seguramente anticipada, á data de 1760. O recinto aparece dominado pola relevancia dos edificios eclesiásticos: a Catedral do século XII e convento de San Francisco do século XIII, o de San Domingos e o da Nova do XIV, e o das monxas Agostiñas Recolleitas do século XVII<sup>(9)</sup>. Estes edificios, xunto co Seminario de San Lourenzo do século XVI, o Pazo do Concello e o Hospital de San Bartolomé do XVII, o Pazo Episcopal, a cadea do bispo Armañá e o cuartel de San Fernando do século XVIII, e algunha residencia nobiliaria, son as únicas arquitecturas dignas de tal nome. O resto son casas de moi pobre fábrica nas que a poboación da cidade deixá transcurrir a súa existencia nun contexto de servicios sociais e hixiénicos mínimo.

O mesmo padre Risco advertía, na descripción da cidade que facía a fins do século XVIII, a proliferación de "*grandes espacios libres en el interior del recinto amurallado, donde se recogían importantes cosechas de pan*". Estes espacios debían supoñer a lo menos o 50% dunha superficie intramuros de máis de trinta has., e non eran, polo tanto, inútiles, representando para os habitantes unha certa rendibilidade como campos de cultivo áinda por moito tempo.

---

<sup>(9)</sup>Algunhas destas cronoloxías poden prestarse a discusión. Así por exemplo, para el convento de San Domingos, o padre Risco no tomo XLI da súa *España Sagrada*, atribuía a súa construción ó período entre o 1274 e 1280.




## **Plano do Lugo de fins do século XVIII, conservado no Arquivo do Museo provincial e realizado no primeiro tercio do século XIX**

Os eixes urbanos mellor constituídos son, o que se estende desde a porta de Santiago á de San Pedro, unindo os antigos Burgo Vello e Burgo Novo, e o que, desde a zona da Catedral, seguía transversalmente a chamada Rúanova, que se abría nunha porta que comunicaba directamente co primitivo camiño á A Coruña. Este esquema urbano permaneceu invariable ó longo do inquedo primeiro tercio do século XIX, sen que lle afectaran decisivamente as alternativas políticas ou militares.

O Catastro do Marqués de la Ensenada de 1753, identificaba como as rúas más importantes do Lugo de Antigo Réxime, as que se corresponderían coas actuais de San Pedro, Conde de Pallares e Rúanova, nas que o Cabido ou os conventos posuían numerosos solares e casas, como demostran as referencias de vendas de fincas desamortizadas entre os anos 1836-40 (vid. Apéndice 3). Non debe esquecerse que o gran propietario do solo nestes momentos é a Igrexa. Ademais de posuír os mellores edificios da cidade de Lugo e do resto das localidades como sés das súas principais casas, os conventos e mosteiros da provincia disponen doutras numerosas propiedades urbanas. Neste escalafón de grandes propietarios urbanos destacaban o Convento da Nova de Lugo e o Mosteiro de Samos seguínolles, a gran distancia, o Convento de San Domingos da capital, e o de Concepcionistas de Mondoñedo<sup>(10)</sup>.

Polo que se refire ás condicións laborais dos seus habitantes, todo parece definir a Lugo como unha cidade fundamentalmente agraria, centro de mercados agrícolas e gandeiros que non superan un ámbito comarcal<sup>(11)</sup>. Así, no censo de 1848, localízanse 1.091 labregos propietarios, 396 colonos e 485 xornaleiros, xunto con 485 industriais, e unicamente 61 comerciantes para todo o distrito lucense. No mesmo censo rexístranse un par de cafés e case que un cento de tabernas, bares ou casas de comidas de difícil clasificación que, certamente, non debían aportar á cidade un ambiente moi cosmopolita.

Os servicios públicos se limitaban ó indispensable. En todo caso eran escasos e deficientes, sendo necesario esperar décadas para atopar neste ámbito melloras importantes ás que non foron alleas as novas ideas liberais sobre hixiene, sanidade, educación e mesmo ocio. Tal vez o máis sinalado para as datas que interesan neste traballo, fora a inauguración da primeira iluminación por petróleo que se instalou no Café Teatro polo 1844, que no 1847 cubriría xa as rúas más importantes, e que pouco despois alcanzaría os locais públicos e os domicilios particulares, pero isto se realizaba xa nun Lugo que sufrira cambios urbanísticos importantes.



<sup>10</sup>R. Villares, *Desamortización e réxime de propiedade*, p. 86

<sup>11</sup>J. Díaz Andión, BCPML, tomo II, pp. 223 e ss.

### As transformacións:

Os cambios serán evidentes nos anos centrais do século. Responden, primeiramente, ás causas xa comentadas: modificacións demográficas, técnicas, administrativas,..., pero non resulta menos certo que un fenómeno moi particular incidiu directamente neles, facilitando e acelerando os cambios urbanos. Estamos a falar da política desamortizadora posta en marcha polos liberais progresistas a partir de 1835, e que se concretaría nunha serie de leis, publicadas nese ano e nos seguintes, polas que se poñían á venda, en pública poxa, tódalas propiedades do clero regular existentes no país.

Este proceso expresaba as intencións de laicización do liberalismo en tódolos ordes, e agora se asociaba cos ideais racionalistas decimonónicos, imponiendo novas ideas urbanísticas ó antigo recinto, ó aproveitar a oportunidade que a expropiación dos edificios eclesiásticos ofrecía.

A cidade de Lugo, como dixen, conservaría as súas murallas, pero dentro delas faise posible unha remodelación urbanística, aínda que esta non poda ser demasiado uniforme. As transformacións centraranse na apertura de novas rúas e na configuración de prazas que, dalgunha maneira, rompen un trazado medieval que perduraba desde facía moito tempo. Sen embargo, non será necesario, polo menos ata ben avanzado o século XX, afrontar un problema que noutras poblacións más activas foi determinante para a súa evolución decimonónica: o dos ensanches.

No espacio crono-lóxico que nos ocupa, isto é, nas décadas centrais do século XIX, as reformas más importantes do recinto murado foron: a construcción do chamado *reducto Cristina*, concluído en 1836 ante a ameaza da expedición carlista do xeneral Gómez; o derrubo en abril de 1846 dunha capela existente na porta de San Pedro dedicada á Virxe das Ermidas e que permitiu ampliar a vía urbana entre a porta de San Pedro e o Campo do Castelo; e a apertura da porta de San Fernando ou do príncipe Afonso, aberta en 1854 para permitir unha saída ó exterior do eixe máis importante do recinto urbano: Praza Maior—Rúa da Raíña—Praza de San Domingos—Rúa San Marcos—Praza do Ferrol—Porta de San Fernando, que deste xeito quedaba enlazado coa nova estrada a A Coruña. Neste eixe construíron, en anos sucesivos, as súas vivendas os membros da burguesía lucense máis acomodada, converténdoo no núcleo principal da vida cidadana<sup>(12)</sup>. Na década dos sesenta, as expropiacións afectarán á capela de San Marcos e ó seu inmediato cemiterio, que desaparecerán para permitir a construcción do novo Hospital, convertido co tempo en Pazo provincial.

<sup>(12)</sup>Vid. Adolfo de Abel Vilela, *Arquitectura isabelina y de la Restauración*, pp. 26 e ss.

Inicialmente non pareceu oportuno aproveitar os amplos espacios verdes que cubrían un cincuenta por cento do interior urbano; primeiro, porque iso significaba atentar contra a propiedade particular, e esta era sagrada para o liberalismo; pero é que, ademais, tales espacios, ocupaban, nese momento, áreas marxinais no norte, leste e oeste do recinto, que sería preciso urbanizar completamente para conectarlas co casco antigo, dispendio que as economías da época non permitían afrontar. Pola contra, si resultaban atractivos os vellos inmobles dos conventos do interior da cidade que, amais da súa estimable fábrica, ofrecían excelentes posibilidades pola súa centralidade, e que, polos regulamentos desamortizadores, pasaban agora á propiedade do Estado.

As expropiacións afectarán particularmente ós catro conventos ubicados na capital da provincia, e que cubrían estratéxicos e amplos solares incrementados ó longo de décadas por doazóns e adicións de diversa índole.

Non pode estrañar que a promulgación dos primeiros decretos desamortizadores do verán de 1835, polos que se declaraban disoltas as ordes relixiosas de máis de doce individuos profesos que vivían en comunidade "*cayera en Lugo como una bomba*", que diría un cronista local<sup>(13)</sup>. Segundo a mesma fonte, o desaloxo dos monxes e monxas resultou, ademais de inmediato, agresivo, como o foi tamén noutros puntos de España, nun primeiro momento de confusión interpretativa das leis no que certa violencia popular anticlerical acompañou á difusión dos regulamentos desamortizadores. Tampouco en Lugo deberon faltar, senón os asasinatos, si polo menos, as intimidacións ós cregos, os sacrilexios nas igrexas e os desfiles burlescos con roupaxes ou instrumental litúrxico.

Xa con Mendizábal no poder ampliaranse estes procesos mediante os decretos de outubro de 1835 e marzo de 1836, ata chegar o RD. de 29-VII-37, no que as ordes supresoras se estendían ás comunidades de relixiosas<sup>(14)</sup>.

En todo caso as asonadas populares foron breves e, de seguida, asumiron as autoridades administrativas —Concello e Deputación— as responsabilidades dos establecementos desamortizados, comezando a pensar no aproveitamento das súas dependencias, foran igrexas, edificios, hortas, xardíns ou mesmo cemiterios, para utilidades sociais. O seu destino foi moi diverso: cuarteis, cárceres, rúas, hospitais, delegacións oficiais, depósitos de municións,... procurándose desde a Administración o mellor aproveitamento dos bens mobles e inmobles eclesiásticos, o que evidencia a preocupación das autoridades por evitar o deterioro das estructuras dos conventos e a perda dos seus patrimonios, aspiración que non se conseguiu sempre<sup>(15)</sup>.

<sup>(13)</sup>S. Castro Freire, *Lugo y sus hombres*, p. 70

<sup>(14)</sup>Vid. F. Tomás y Valiente, *El marco político de la desamortización en España*, p.76.

<sup>(15)</sup>Vid. referencias de los BOPL de 21-II-38, con RO. mandando conservar algúns edificios dos antigos conventos para destinálos a oficinas, tribunais, museos ou outros establecementos de utilidade pública. O BOPL de 24-VI-38, con RO. na que se previña que as tropas que se aloxasen nos conventos suprimidos non cometesen neles deterioros de ningunha especie. O BOPL de 3-X-38, con RO. para que coas riquezas literarias que encerraban os edificios relixiosos se formasen bibliotecas públicas. E o BOPL de 12-XII-38, con RO. para que non se votase man dos materiais e efectos dos conventos por parte das autoridades militares.

Na práctica, dous van a ser os destinos fundamentais destes vellos edificios: ou ben promover a súa utilización como locais de uso público, ou ben derrubalos e aproveitar os seus soares para a apertura e ampliación de rúas e prazas. A verdade é que as reformas urbanas non serán realizadas sen incidencias, e mesmo sen obstruccions. Houbo algunas opiniós a prol da conservación e restauración dos conventos, reconécedo os seus valores arquitectónicos e artísticos, pero case sempre triunfaron as ideas, máis radicais, que marcaban a dobre dirección amosada.

No caso concreto da cidade de Lugo, as actuacíons se centraron en dúas prazas: a Maior e a de San Domingos. A primeira, pavimentada xa nos anos trinta por Alejo Andrade, xorde da transformación da antiga praza das Cortiñas, na que se celebraban as concentracíons militares e as feiras e mercados, á que agora se engade o espacio ocupado polo vello **convento de Agostíñas Recolleitas**, do que pouco debeu aproveitarse salvo o seu soar e os seus materiais. Sabemos que neste asunto tivo moito que ver a Xunta de Goberno Revolucionaria de 1840<sup>(16)</sup>, sendo vicepresidente, o avogado José Antonio Somoza aludía a razóns que tiñan que ver co ornato da cidade. O proxecto é trasladado ás autoridades locais e especialmente ó Concello que asumía a propiedade do convento tra-la súa enaxenación, este non dubidará en levalo a cabo con toda axilidade. O caso é que, en outubro de 1840, as monxas abandonaron o edificio e inmediatamente foi desmantelado para a ampliación da Praza Maior, pasando a súa parcela a o servir como novo espacio público, enbelecido coa conformación da ampla alameda aínda existente<sup>(17)</sup>. No lateral sur da mesma praza, será remozada en 1858 a fachada de antigo seminario de San Lourenzo —que xa fora utilizado para ubicación do Instituto provincial entre 1843 e 1848—, contribuíndo así ó desenvolvemento estético e social da praza principal da cidade.

Máis tarde, seguindo o exemplo anterior, as atencións son enfocadas ata o campo existente diante do **convento de San Domingos**, dividido en dúas partes por unha capela chamada do Rosario, que era prolongación do cruceiro sur da igrexa do convento que daba nome á praza<sup>(18)</sup>. A capela, de escaso mérito artístico, foi derribada, e deste xeito os dous campos que a rodeaban uníronse, e transformáronse na actual praza, que é hoxe un dos centros da vida cidadá. Nos locais do convento instalaranse tamén a Comandancia xeral da provincia, o cuartel do destacamento de Artillería, o Depósito de inválidos e por fin, en 1849, a Nova Escola Normal de Maxisterio. A recuperación do templo polo clero, aínda que xa

<sup>16</sup>Vid A. Prado Gómez, *La rebelión progresista de 1840 en Lugo*, BMPL, IV, p. 67. Sobre este tema tamén L. Rodríguez, *Los liberales lucenses (1808-1854)*, pp. 149-152.

<sup>17</sup>AAL, Libro 164, ses. de 19-X-40 e 4-IX-41.

<sup>18</sup>Esta capela resulta ben visible no plano da cidade de Lugo datado en 1812 e gardado no Depósito Xeográfico e Histórico do Exército.

mutilado pola desaparición da capela do Rosario, produciuse en 1842, e dous anos despois pasou a depender das monxas Recolleitas expulsadas do seu convento anterior<sup>(19)</sup>.

Polo que concirne ó terceiro **convento**, o de **monxas dominicas de Santa María A Nova**, foi esencial a expropiación dunha parte do seu soar para a apertura da futura rúa da Raíña, deseñada en 1836 e inaugurada no 1858 co gallo da visita de Isabel II á cidade<sup>(20)</sup>. Esta vía uniría as dúas prazas más importantes da cidade, constituíndose no eixe urbano máis importante ó completarse coa apertura da rúa San Marcos e a conformación —retardada ata 1879—, da praza do Ferrol. Neste convento se instalarán tamén distintas oficinas e dependencias, como as da Deputación provincial, da Facenda, a Tesourería provincial, o Consello provincial de Fomento, a Administración de Correos, o Goberno político, a Estación de Telégrafos, e mesmo a parroquia de Santiago, o que fai difícil imaxinar un aproveitamento máis concienzudo<sup>(21)</sup>. A desamortización deste convento supuxo ademais a venda das numerosas propiedades urbanas de que dispoña na cidade, situadas a maioría no seu contorno (vid. Apéndice 3).

O **convento de San Francisco**, o máis castigado nos tumultos do ano 1835<sup>(22)</sup>, foi ocupado para instalar nel a Beneficencia e Maternidade provincial; a súa igrexa xa fora aproveitada como corte de caballos do Rexemento de Cabalería de garnición en Lugo, e mesmo máis tarde como presidio eventual. Logo, en 1845, foi o único convento no que prosperou a idea da súa restauración, seguramente inducida por ser o máis antigo e o de maior valor artístico de tódolos los existentes, e en segundo lugar porque nestas datas produciuse a subida ó poder dos moderados, que pretendían unha mellora das relacións coa Igrexa. Así, aínda que a súa función conventual desaparece, recuperarase o templo reconvertido en parroquia de San Pedro. Máis adiante, os franciscanos poderán dispoñer dun novo edificio na praza Maior, nos locais nos que se instalara ata 1886 o Seminario episcopal de San Lourenzo, trasladado nesa data a un solar extramuros. As hortas dos conventos de San Francisco e San Domingos serán aproveitadas tamén para utilidades públicas, instalándose nelas a Praza de Abastos da cidade en función da RO. de abril de 1842 que concedía ó Concello os conventos masculinos da cidade para que os destinara,

<sup>(19)</sup>Vid. Narciso Peinado, *Lugo monumental y artístico*, pp.191-192. O expediente sobre derrubo da capela en AAL, Libro 166 e 167, sesións de 9,11 e 13-VIII-42, 18-X-42 e 21-VIII-43.


<sup>(20)</sup>No cartafol 751 da Serie Concello, do AHPL, referente a 1853, atopamos referencias concretas á demolición da torre da igrexa da Nova para posibilitar o ensanche da rúa. Tamén na Serie de Datos históricos do mesmo arquivo, se atopan numerosas noticias sobre a construción da rúa, aínda que case sempre referenciais. Sobre o derrubo da súa torre vid. A. de Abel Vilela, BMPL VII, 1, p. 25.

<sup>(21)</sup>O actual edificio da delegación de Facenda ocupa unha parte das súas dependencias, entre elas o propio claustro. Vid. sobre este edificio e as súas sucesivas transformacións a información do cartafol 970, ano 1844, do AHPL, fols. 51-55. Ib. AAL, Libro 160, ses. de 23 e 27-I-36, donde se constata a súa utilización como cabaleriza.

<sup>(22)</sup>Este convento xa fora utilizado como corte e como polvorín polas tropas napoleónicas o seu paso por Lugo, entre xaneiro e xuño de 1809, ocasionándolle severos danos. Pode verse a este respecto o traballo de Antonio López Acuña no BCPML, tomo III, pp. 68 e ss.

coa maior celeridade posible, a cuartel da Milicia Nacional, escolas ou outros usos de utilidade pública. En terreos inmediatos a este convento construiríase, en 1844, o primeiro teatro license<sup>(23)</sup>.

O mapa de Francisco Coello, datado en 1845 e conservado no Arquivo do Reino de Galicia, ofrecía unha estructura xa considerablemente modificada con respecto á de fins do século XVIII, e nel a cidade ofrecía un perfil ben distinto ó anterior á desamortización.



**Mapa de Lugo de Francisco Coello, datado en 1845 (AHRG)**

Para empezar desaparecía o convento de Agostinas Recolleitas e no seu soar se ofrecía a perspectiva da que sería unha fermosa alameda. Pero aínda será máis patente, gracias ás indicacións numeradas do propio mapa, a reutilización á que se someten os vellos edificios conventuais, que conservan, sen embargo, as igrexas nas que se ubican as parroquias da cidade. O resto dos locais eclesiásticos serán ocupados por diversas dependencias, agora necesarias pola asunción de novas responsabilidades administrativas ou sociais.

<sup>23</sup>AAL. Libro 166, ses. de 21-IV-62 e outras ata o 1-VI-42. Ib. A. de Abel Vilela, *op. cit.* pp. 46-51.

Así, no antigo convento de San Francisco, sitúanse a Casa de Beneficencia e Maternidade, a Inclusa e o Teatro. No de San Domingos —xa ocupado polas monxas Agostinianas—, varias dependencias militares e a Escola Normal para a formación de mestres que fora inaugurada en 1842<sup>(24)</sup>—. Entre os dous conventos constrúen a primeira praza de Abastos lúncense, nunha ubicación que se convertería en clásica.

No ex-convento de A Nova, emprázanse as oficinas provinciais, o Goberno civil e as oficinas de Rendas, o que hoxe se recorda coa conservación nese mesmo lugar da Delegación da Facenda.

No Seminario Conciliar sitúase o recen inaugurado Instituto de Segunda Ensinanza, aínda que tal localización non sería duradeira, xa que no 1848 será desprazado á vila de Monforte, para non retornar á capital ata 1862.

As prazas de San Domingos e a Maior funcionan xa como centros da vida cidadana, mentres á actual do Ferrol, manterase nunha situación máis marxinal ata a apertura da porta da muralla en 1856, sendo utilizada nestes momentos para os exercicios militares dos soldados do cuartel de San Fernando. A futura rúa da Raíña mostra xa o seu definitivo trazado, pero non consta aínda o nome que recibiría tra-la visita de Isabel II en 1858.

O mapa de Coello sitúa así mesmo un total de tres cementerios—Carme, San Xoán de Deus e San Marcos— e dúas cárceres —a do bispo Armañá e a do Campo Castelo—.

No exterior do perímetro amurallado as zonas de máis intenso poboamento coinciden coas portas abertas neses momentos: Miñá→Barrio do Carme; Postigo→Barrio da Magdalena→Recatelo; San Pedro→Barrio de San Roque; Falsa→Barrio do Paxaro; e Nova→Barrio da Porta Nova.

De calquera xeito, parece claro que as autoridades locais pretenderon un minucioso aproveitamento dos edificios eclesiásticos desamortizados para fins públicos, e rexeitaron a súa transferencia a particulares, apelando a que tales vendas —ó tratarse de edificios moi deteriorados—, non compensarían o desembolso que requiriría o pago de alugamentos dos locais necesarios para os novos servicios do Concello, da Provincia ou do Estado. Tales demandas increménzanse por estes anos como consecuencia tanto da complicación administrativa que trouxo consigo a instalación en España do réxime liberal, coma a causa da absorción das antigas competencias eclesiásticas en materia de educación, beneficencia ou sanidade. Tra-la perda do seu patrimonio a causa das desamortizacións, a Igrexa víase imposibilitada de asumilas como fixera ata entón<sup>(25)</sup>.

<sup>24</sup>A. Prado Gómez, *La Diputación provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo*, Páx. 91 e ss.

<sup>25</sup>Vid. AHPL, actas Capitulares, cartafol 114, ano 1840, cando a Xunta municipal da cidade pide a SM. que queden sen efecto as vendas das fábricas dos conventos de San Francisco e San Domingos a particulares.

O contexto urbano da capital, como se pode ver a través da comparación dos Apéndices 1 e 2, foi profundamente alterado tra-lo revulsivo desamortizador, que actuou como detonante dunha serie de transformacións ó longo do séculos, respondendo ós requirimentos dunha cidade que intentaba achegarse ás novas necesidades que marcaba unha sociedade burguesa, capitalista e liberal. Aínda haberá que esperar décadas para que outras conxunturas permitan a introducción de transformacións fora do perímetro amurallado, pero sen dúbida, o Lugo con que remataba o século XIX parecía pouco á cidade medieval que existía cen anos antes.

No resto da provincia as necesidades administrativas e a presión demográfica eran menores, aínda que isto non evitou que se aproveitaran tanto dos bens móbiles como inmóbiles desamortizados. Tamén nelas procurouse unha reutilización pública dos edificios eclesiásticos. Sen pretender ser exhaustivos, algúns exemplos de tales utilidades poden ser presentados nestas liñas a modo de epílogo. Así, nunha sesión celebrada o 15 de setembro de 1841, a *Sociedad de Amigos del País de Lugo*, propoñía utilizar o edificio do suprimido mosteiro de bieitos de Lourenzá para establecer nel "una fábrica de filatura y tejido de estambre"<sup>(26)</sup>; para isto expoña as razóns que xustificaban tal ubicación, entre as que figuraban o ser un centro "*equidistante de los puntos principales para su producción y comercio*", e tamén por estar situado "*en zona muy rica en agua y ríos*", elementos indispensables para la producción téxtil. En tal coxuntura, a SEAPL enumera os edificios da provincia que foron mosteiros e conventos, e que, segundo ela, ofrecían posibilidades de utilización industrial, é dicir: dous conventos en Ribadeo, tres e un Colexio Seminario en Mondoñedo, tres conventos en Lugo (o de Recolleitas xa non existía), dous en Sarria, un mosteiro en Penamaior, tres conventos en Monforte, tres en Viveiro, un mosteiro en Samos e un mosteiro en Meira<sup>(27)</sup>.

Outro exemplo atópase na petición do Concello monfortino cando pretende instalar no antigo convento de San Domingos ó Hospital da Caridade da vila, advertindo a súa situación "*alegre y ventilada*"<sup>(28)</sup>. Pouco despois<sup>(29)</sup>, a mesma Xunta revolucionaria de 1840, autorizaba ó Concello de Valadouro para o derrubro total ou parcial da capela da Nosa Señora da Ferreira, co obxecto de ampliar e mellorar a praza do pobo. Nas mesmas datas<sup>(30)</sup>, entregábaselle ó Concello de Sarria o reloxo do mosteiro de Samos que solicitaba. Así mesmo, o 22 de xullo de 1840, vendíáselle a Pedro Osorio o convento de San Francisco de Ribadeo por 8.000 rs., aínda que excluíndo da venda o corpo da Igrexa e a sancristía<sup>(31)</sup>.

<sup>26</sup>Vid. AHPL serie Documentos Históricos, cartafol 866-867, ano 1841. Na relación de membros da Sociedade figuran ata 134 sinaturas, algunas ben coñecidas como as de Plá, Cadorniga, Armesto, Monge, Saavedra, Domenech, Osorio, etc.

<sup>27</sup>Ramón Villares, op. cit. p. 86, ofrece unha completa relación das principais entidades eclesiásticas afectadas no primeiro proceso desamortizador.

<sup>28</sup>AXGPL, ses. de 14-X-1840.

<sup>29</sup>AXGPL, ses. 21-X-1840.


<sup>30</sup>AXGPL, ses. de 1-XI-1840.

<sup>31</sup>AHPL, serie Protocolos nº 790, ano 1840, fols. 188-190. Vid. tamén as referencias sobre o tema de Luis Rodríguez, op. cit. pp. 135-142.

Con todo, o centralismo que implicou a instalación do estado liberal non permitirá, ó longo do século XIX, a proxección urbana das localidades que non foran capital de provincia. En Lugo asentáronse os servicios administrativos que requiría un modelo de estado crecentemente burocratizado, pero tamén as principais delegacións militares, educativas, xudiciais, sanitarias e benéficas, que se converterían en lugar de traballo dos membros dunha nova e activa clase burguesa de funcionarios e profesionais. A capital, constituíuse en nó das comunicacións e dos intercambios, desenvolvendo grupos comerciais e artesanais cada vez máis importantes, tal vez coa única competencia, xa moi a finais de século, da vila de Monforte de Lemos asentada como centro ferroviario. Todo isto transforma a antiga urbe romana e episcopal na protagonista dos máis grandes cambios urbanos que propiciou o liberalismo, asegurando, por décadas, a súa posición xerárquica e privilexiada sobre os restantes núcleos urbanos da provincia.

#### Apéndice 1

##### *Mapa de 1800 (\*)*




**Presenta un recinto urbano de gran confusión estructural, no que se aprecia a importancia dos edificios eclesiásticos. As zonas verdes ocupan más da metade do perímetro amurallado (unhas 32 has. en total).**

**As rúas son tortuosas e estreitas (Tinería, Pombal, Falcón, Rúanova,...), de aspecto e ascendencia medieval, entre as que se intercalan algunas casonas señoriais. As prazas son praticamente inexistentes.**

**As murallas ofrecen escassas mutilacións nos seus cubos. Só se abren cinco portas ó exterior: a do Carme, a de Santiago ou do Postigo, a de San Pedro ou Toledana, a Falsa e a da Rúanova.**

(\*) Efrén e José Luis García Fernández, *Plan parcial de un casco viejo: Lugo. 1963.*

## Apéndice 2.

*Mapa de 1900 (\*\*)*

Neste plano aparecen xa rúas amplias e rectilíneas (Bolaño Ribadeneira, San Marcos, Raíña, Quiroga Ballesteros, Xoan Montes, Progreso), e prazas cunha relativa entidade (San Domingos, Maior e do Ferrol), que conforman os circuítos urbanos mellor debuxados do Lugo intramuros.

Os espacios verdes recortáronse considerablemente, ocupando agora só un 30% do casco urbano.

A muralla vaise ver furada por novas portas que pretenden comunicar coas proxeccións exteriores da cidade: a de San Fernando (1854) coa estrada da Coruña, a da Estación (1876) coa estación do ferrocarril, a do bispo Izquierdo (1887) coa nova cadea, e a do bispo Aguirre (1894) co novo seminario e cemiterio.

Se se compara co plano anterior, pode verse que a maioría das reformas teñen que ver co derrubo de edificios eclesiásticos ou co aproveitamento das súas hortas e solares:

- |                         |   |
|-------------------------|---|
| —Praza de San Domingos  | ⇒ —Capela do Rosario do convento de Dominicos         |
| —Praza Maior            | ⇒ —Convento de Dominicas Recolleitas                  |
| —Praza do Ferrol        | ⇒ —Igrexa de San Xoán de Deus e convento das Ánimas.  |
| —Rúa San Marcos         | ⇒ —Capela de San Marcos                               |
| —Rúa da Raíña           | ⇒ —Unha parte da igrexa da Nova                       |
| —Rúa Bolaño Rivadeneira | ⇒ —Solares dos conventos de San Domingos e San Pedro. |

(\*\*) Efrén e José Luis García Fernández, *Plan parcial de un casco viejo: Lugo. 1963.*

### Apéndice 3

#### *Propiedades urbanas demortizadas entre 1836-1840 (\*\*\*):*

As referencias que seguen corresponden á información do arquivo de Protocolos do AHPL sobre fincas urbanas postas á venda no primeiro proceso desamortizador. Está claro que o primeiro propietario urbano era o convento de monxas dominicas de Sta. María A Nova, que segundo Narciso Peinado e Abel Vilela (vid. *Lugo monumental y artístico*, p. 211 e *Cousas de Lugo*, II, p. 42) posuía ata 29 casas na cidade, das que aquí rexistramos bastantes menos. De todos modos resultaba ser unha das institucións relixiosas de economía máis saneada de toda Galicia. Os compradores son membros da burguesía lucense, e as vivendas aparecen localizadas nas proximidades dos propios conventos.

Data	Propiedade	Características	Prezo	Comprador	Procedencia
20-11-38	Casa nº 126 da rúa San Pedro	Dous altos, 85 varas2 1/2 de superficie	43.000 rs.	Antonio Casas, comerciante de Ribadeo	Convento de monxas dominicas da Nova
20-11-38	Casa nº 3 da Ruanova	Dous altos, 167 vrs2	38.100 rs.	Ídem	Ídem
20-11-38	Casa nº 6 da Praza Maior	Dous altos e dúas tendas. 1,237 pés cadrados e 3/4	220.000 rs.	Cipriano Sánchez Guardamino, comerciante de Lugo	Ídem
28-12-38	Casa nº 23 da Praza de San Domingos.	Dous altos. 4.185 pés cadrados e 3/8	155.000 rs	José Monge, administrador de Correos de Lugo	Convento de San Domingos de Lugo
28-12-38	Casa nº 29 da rúa San Pedro	Dous altos. 45 vrs2	31.000 rs.	Ídem	Convento de monxas dominicas da Nova
28-XII-38	Casa nº 33 da rúa San Pedro	Un alto adiante e dous atrás. 102 vrs2.	29.800 rs.	Ídem	Ídem
28-XII-38	Casa nº 4 da Ruanova	Dous altos. 972 pés cadrados e 3/4	25.000 rs.	Ídem	Ídem
10-I-40	Casa nº 35 da rúa San Pedro	891 pés cadrados	28.700 rs.	Ramón Díaz Rivera	Ídem
28-III-40	Casa nº 13 da rúa do Carboeiro	Un só alto. 54 vrs2	6.800 rs.	José María Carreira, escribán.	Ídem
22-VIII-40	Casa nº da Praza de San Domingos.	Reedificada	29.500 rs.	José de la Vega e a súa muller M <sup>a</sup> Josefa Gandoy	Convento de San Domingos
26-V-39	3 <sup>a</sup> e 4 <sup>a</sup> parte das seis en que foi dividida a horta do convento.		4.000 rs.	Buenaventura Miguel Plá	Convento de monxas dominicas da Nova
11-XI-39	Casa nº 29 da rúa San Pedro		11.800 rs.	Juan Lugilde	Ídem

(\*\*\*) Protocolos dos escribáns Pedro Otero Cedrón, F.A.Ferreiros, J.M. Carreira e Capón y Novoa, números 789, 790, 797, 895 e 968.